

# PLAN DIXITAL



## CPR AMOR DE DIOS

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



## Índice do Plan Dixital

### 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

### 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

### 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

### 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

### 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O Colexio Amor de Dios sitúase na **Avenida de Europa, 21** en Vigo, na provincia de Pontevedra.

Correo: [amordiosv@planalfa.es](mailto:amordiosv@planalfa.es)

Páxina web: [www.colegioamordediosvigo.com](http://www.colegioamordediosvigo.com)

Etapas educativas: **Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Secundaria e Bacharelato.**

Alumnado: **780**

Profesorado: **54**

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Colexio Amor de Dios de Vigo sitúase na zona do barrio de Navia. Un barrio novo cun nivel socioeconómico medio, e polo xeral, cun nivel académico medio.

O noso Proxecto Educativo ten como obxectivo xeral “espertar e estimular o desenvolvemento integral e harmónico da persoa como axente do seu propio crecemento nas súas dimensión individual, social e cristiá, valorando a riqueza da diversidade e colaborando unidos na construción dun mundo máis humano e fraterno”. O presente plan permite estimular este desenvolvemento integral da persoa en toda as súas dimensión, preparando ao noso alumnado para o futuro. Grazas a el:

- Fomentaremos e afianzaremos actitudes de escoita cara aos demais.
- Facilitaremos unha sólida adquisición dos coñecementos académicos.
- Cultivaremos o espírito crítico e creativo que permita ao alumno enfrontarse flexivamente coas situación de cambios.

Ao longo do curso 2021/2022 implantouse no noso centro o “Proxecto One to One” en 5º de Educación Primaria, proxecto que consiste na utilización dun dispositivo Chromebook nas áreas de Ciencias da Natureza e English con licenza dixital, así como nas outras áreas como soporte de traballo.

A implantación deste proxecto de dixitalización, favorecerá moi activamente á Programación Xeral Anual do vindeiro curso, afianzando os proxectos dixitais presentes na nosa escola.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

O Plan Dixital ven respaldado institucionalmente polo novo Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica que impulsa a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, faise unha clara aposta por espazos ao servizo dos proxectos educativos, sobre todo vinculados á transformación dixital e que sexan xeradores de igualdade e de inclusión. Así como, na Estratexia Galicia Dixital 2030 e na Estratexia Educación Dixital 2030 de Galicia, cara a consecución dunha cidadanía dixital plena. Dentro desta estratexía, o marco legal no que se asenta o Plan é a seguinte:

A Lei Orgánica 2/ 2006 do 3 de maio de Educación [LOE], modificada pola Lei Orgánica 3/ 2020 do 29 de decembro [LOMLOE] establece no seu artigo 2. I) como un dos fins do sistema educativo español, a capacitación para garantir a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso seguro dos medios dixitais e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente, co respecto e a garantía da intimidade individual e colectiva. Así mesmo, no seu artigo 19, dispón como un dos seus principios pedagóxicos que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

No artigo 102, con respecto á formación permanente recolle que as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación nestes ámbitos.

Finalmente, no artigo 111 bis, establece diferentes aspectos sobre as Tecnoloxías da Información e a comunicación no proceso de ensino -aprendizaxe e no artigo 121di que o Proxecto Educativo Centro recollerá así mesmo a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.

O Real Decreto 126/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación Primaria no seu artigo 2 recolle a Competencia Dixital como unha das competencias clave. No artigo 7. i) fixa como un dos obxectivos da Educación Primaria, iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e a Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Finalmente, o artigo 10.1, que recolle os elementos transversais contempla que, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

O Real Decreto 1105/2014 polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, recolle no seu artigo 2 a competencia dixital como unha das competencias claves. No artigo 6. 1 sobre os elementos transversais, contempla que en Educación Secundaria Obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias. O apartado 2 do mesmo artigo establece que os currículos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato incorporarán elementos curriculares relacionados co desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, o abuso e malos tratos ás persoas con discapacidade, as situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación, así como a protección ante emerxencias e catástrofes.

Finalmente, un dos obxectivos da Educación Secundaria que se fixan no artigo 11, é o de desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. Este Plan Dixital de Centro propón recoller as actuacións para mellorar a competencia dixital do Centro e de todos os sectores da comunidade educativa. O proceso de desenvolvemento e difusión das tecnoloxías é imparabile. Tanto para a mellora dos procesos

educativos que ocorren fóra ou dentro da aula, como para aqueles procesos que contribúen a que os centros educativos cumpran a súa función formativa, consolidáronse xa unha serie de recursos, ferramentas e servizos. Por este motivo é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, entendendo o Centro como a unida de transformación e deseñando plans de mellora que poidan ser desenvoltos co impulso do equipo directivo do Centro.

O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción. Os centros educativos formamos parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por eles debemos dar respostas a estas necesidades e demandas da sociedade e mercado laboral para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias para desenvolverse nunha contorna dixitalizada. O uso da tecnoloxía é necesario nas diversas prácticas que teñen lugar nunha organización escolar, desde as relacións coas cuestións organizativas ata os procesos de ensino e aprendizaxe. É evidente que, para asegurar a igualdade social, a mellora das condicións de vida de comunidades e persoas, a educación é un recurso clave.

A Estratexia Europa 2020 recoñece a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garanta a adquisición de competencias dixitais e permita aproveitar as oportunidades. É necesario que as organizacións educativas revisen as súas estratexias co obxectivo de mellorar a súa capacidade para promover a innovación e sacar o máximo partido das tecnoloxías da información e comunicación, e dos recursos dixitais.

Mediante o obxectivo do Plan Dixital de Centro preténdese:

- Avaliar a situación do noso Centro educativo con relación ao uso das TIC nos distintos elementos clave que recolle o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competente para poder deseñar e emprender un proceso de transformación no Centro.
- Recoñecer o Plan Dixital de Centro como un recurso clave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o noso Centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura dixital nas mesmas.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O deseño do Plan Dixital de Centro ha de recoller as ideas principais, determinar as prioridades e establecer os niveis de planificación [programas, proxectos e/ou accións] que marcarán o plan de traballo do Centro escolar no seu proceso de cambio e mellora. Así mesmo, a participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que pode achegar, como pola capacidade para mobilizar recursos da organización e de xerar liderados distribuídos que permitan o cambio atendendo a procesos democráticos.

O Plan Dixital de Centro debería permitir á comunidade educativa:

- Visualizar onde quere que chegue o Centro.
- Entender onde está actualmente.
- Trazar o camiño que leve dun estado ao outro.

O equipo que porá en marcha dito proxecto será o seguinte:

IAGO PARGA RIVEIRO	<a href="mailto:IAGOPARGA@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM">IAGOPARGA@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM</a>
MARÍA GÓMEZ NOVOA	<a href="mailto:MARIAGOMEZ@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM">MARIAGOMEZ@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM</a>
FRANCISCO SERODIO CERVIÑO	<a href="mailto:FRANCISCOERODIO@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM">FRANCISCOERODIO@COLEGIOAMORDEDIOSVIGO.COM</a>

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- A conectividade do noso Centro basease na Rede Wifi do mesmo, así como o cabledado da Aula de Informática e de dúas aulas por planta (4 plantas).
- Todas as aulas contan cun ordenador na mesa do profesor/a, un canón de proxección e pizarra dixital; así mesmo contamos cun Aula de Informática con 32 equipos.
- Dispomos de 30 Chromebooks os cales son de uso para todo o profesorado e alumnado que os precise na súa labor docente. Estes equipos están nun armario de carga, o cal se despraza se é preciso.
- Dispomos de Páxina Web do Centro, así como a ferramenta dixital de Google Classroom, a cal usa todo o profesorado e alumnado como un entorno dixital de aprendizaxe (Aulas Virtuais en cada materia)
- As diferentes comunicacións envíanse a través da páxina web.
- Contamos cun informático que realiza a revisión dos dispositivos e a súa restauración se é necesario.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4.8	3.3	4.5		
	Profesorado	3.6	3	3.4		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.5	2.6	4.1		
	Profesorado	3.5	2.3	3.		
	Alumnado	3.7	2.8	2.9		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.9	2.4	4.5		
	Profesorado	3.4	2.2	2.9		
	Alumnado	4.2	2	1.9		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	5	3.2	4.8		
	Profesorado	3.4	2.8	3.1		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	5	3.1	4.5		
	Profesorado	4.1	3.9	3.9		
	Alumnado		3.8	4.1		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5	2.9	5		
	Profesorado	3.4	2.8	3.7		
	Alumnado	3.8	2.6	2.8		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	5	2.8	4.1		
	Profesorado	2.6	2	2.8		
	Alumnado		2.3	2.2		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.3	2.7	3.8		
	Profesorado	3.4	2.8	2.9		
	Alumnado	3.9	2.6	2.7		

## 2.3. Análise DAFO

Non realizado o formulario.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	Sala chromebook con 30 dispositivos. Computador e taboleiro dixital en toda as aulas do centro. Rede wifi preparada para manter sesións abertas en todos os dispositivos. Proxecto One to One (1 dispositivo Chromebook por alumno, a partir de 5º de Educación Primaria)	Posibles fallos de rede. Falta de tempo para o uso dos dispositivos do centro. Grandes gastos. Poucos dispositivos.
	PERSOAL DOCENTE	O profesorado está preparado nas novas tecnoloxías, a base de formacións varias. Todos certificados co Level I de Google e un gran número co Level 2. Gran disposición para o uso das novas tecnoloxías	Medo ao cambio metodolóxico e ao uso das novas tecnoloxías. Aplicacións non compatibles co uso de administración e servizos.
	PERSOAL NON DOCENTE	O persoal non docente de administración está formado en ferramentas Google. Preparado no aspecto tecnolóxico.	Falta de formación a nivel Tic.
	ALUMNADO	Gran capacidade para traballar coas novas tecnoloxías. Formación a partir de 5º de Educación Primaria. Conta de correo cooperativa a partir de 5º de Educación Primaria. Uso da aplicación de xestor e control de aula IRIS	Falta de formación. En ocasións, uso indebido dos dispositivos. Pouco uso cos dispositivos na aula. Pouco uso de de tecnoloxía fose do centro con fins educativos.



<b>FAMILIAS</b>	Case todas contan con dispositivos propios nos seus fogares. Colaboración e participación co centro educativo. Formación en diferentes aplicacións por parte do centro.	Falta de formación. Dificultades económicas. Respecto ás novas tecnoloxías como ferramenta de traballo diaria na aula.
<b>OFERTA</b>	Verticalidade desde 3º de Educación Infantil ata 2º de Bacharelato. Páxina web de centro con todas as informacións.	Falta dun bo uso do as ferramentas de comunicación escola-familias. Falta de claridade na Páxina web, posibles melloras na súa organización.
<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	Organización con coordinacións. Contamos con coordinadores de etapa, márketing e Tic.	Falta de tempo.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
<b>CATEGORÍAS</b>	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	Plans extratéxicos de mellora.	Falta de tempo para compaxinalos co labor educativo e titorial dos mestres e profesores. Necesidade de levalos a cabo de maneira adecuada.
	<b>LEXISLACIÓN</b>	Fomento do uso das tecnoloxías na aula.	Falta de tempo. Currículo moi amplo e repetitivo.
	<b>CONTORNA</b>	Nivel socioeconómico medio. Barrio novo.	Interésalle o uso das ferramentas dixitais, pero non están a favor de invertir diñeiro en dispositivos para o uso educativo
	<b>ANPA</b>	Participativo. Colaborador.	Reáceo aos cambios.

### 3. Plan de Acción

O plan de acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso segundo a prioridade de actuación que se requira. Neste sentido, durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, a formación do profesorado e do alumnado.

Cada unha das accións propostas terá asociado un obxectivo mesurable, real, planificado e axustado ás necesidades do centro. Determinaranse unha serie de indicadores para medir a súa consecución durante a súa implantación e ao final do curso.

Como aspectos craves no Plan de Acción destacamos:

- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso crave para a planificación da estratexia dixital dunha organización educativa.
- Transformar o centro educativo nunha organización que aprende, sendo só posible se é unha organización dixitalmente competente.
- Valorar as implicacións das organizacións escolares para desenvolver unha cultura de dixital nas mesmas.
- Mellorar o desenvolvemento da competencia dixital do alumnado e o uso das tecnoloxías dixitais na aprendizaxe a través do desenvolvemento da competencia dixital do profesorado - tanto individual como colexiada- e da transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes.

### 3.1. Obxectivos, indicadores e acción

Os obxectivos que nos marquemos deben ser específicos e concretos. Deben ser medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo.

Os obxectivos que aquí se enumeran foron expostos desde a comisión TIC que se formou no grupo de traballo que impulsou este plan dixital:

- Impulsar desde o equipo directivo e co coordinador TIC un plan de impulso dixital no Centro.
- Proporcionar ferramentas TIC, espazos e tempos que permitan compartir as experiencias de éxito e boas prácticas e que axuden a traballar de modo colaborativo.
- Analizar os recursos tecnolóxicos do Centro e deseñar estratexias para a optimización ou a renovación.
- Promover a mellora da competencia dixital docente do profesorado.
- Compartir a implementación das tecnoloxías dixitais para adaptarse ás necesidades do alumnado, crear proxectos curriculares e fomentar a participación e o traballo colaborativo.
- Promover a utilización de tecnoloxías dixitais para a avaliación, autoavaliación e coevaluación, facendo este proceso máis consciente e reflexivo.
- Empoderar ao alumnado no uso das TICs a través da análise crítica, uso seguro e responsable das tecnoloxías, creación de contidos dixitais e comunicación utilizando a tecnoloxía dixital.
- Deseñar espazos físicos e virtuais de aprendizaxe con soporte dixital e virtual.
- Crear un espazo de formación para a mellora.
- Incluir o papel das TICs nos documentos de centro.
- Utilizar os servizos de comunicación e intercomunicación do centro.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción  
Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: ÁREA 1- XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E LIDERAZGO						
<b>OBXECTIVO 1: (1)</b>	Incluir o papel das TICS en todos os documentos de centro				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo e Profesorado				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% dos documentos que incorporan o papel das Tics nos documentos de centro.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	75% documentos contan coa influencia e importancia do papel das Tics					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% documentos contan coa influencia e importancia do papel das Tics			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: . Determinar que documentos son necesarios modificar para incluir as TIC	Equipo Directivo Equipo Plan Dixital	Decembro 2022	Plans de centro Acta dos documentos a modificar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: . Establecer un calendario para a modificación dos diferentes documentos	Equipo Directivo	Decembro 2022	Calendario proposto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: . Modificación dos documentos de centro según calendario anterior.	Diferentes equipos	Maio 2022	Documentos a modificar		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.4: . Aprobación documentos modificados por órganos correspondentes.	Dirección	Xuño 2023	Documentos modificados		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 2- PROCESOS DE ENSINO E APRENDIZAXE						
<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	Deseñar espazos físicos e virtuais de aprendizaxe con soporte dixital e virtual				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Tic.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Situación de espazos dixitais no centro.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	O centro conta cun aula de informática obsoleta					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O centro conta cun aula de informática actualizada e modernizada.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Determinar infraestruturas a realizar, equipos a mellorar e equipos a substituir	Equipo Directivo Equipo Tic	Decembro 2022	Actas das conclusións		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Aprobación das melloras a acometer, en función dos recursos económicos dispoñibles	Dirección	Xaneiro 2023	Presuposto		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Realización das infraestruturas necesarias	Equipo Tic	Marzo 2023	Empresa externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Mellora e substitución dos equipos	Equipo Tic	Abril 2023	Empresa externa. Proveedores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 3- FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL						
<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	Crear un espacio de formación para a mellora.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Tic.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de profesorado que recibe formación para a mellora					
<b>Valor de partida: (3)</b>	70% profesorado recibe formación sobre o uso das ferramentas dixitais.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% profesorado recibe formación sobre o uso das ferramentas dixitais.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Determinar as diferentes plataformas de traballo sobre as que formarse e puntos que debe conter dita formación	Equipo Directivo Equipo Tic	Decembro 2022	Plataformas de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Solicitar plan de formación a entidades correspondentes	Equipo Tic	Xaneiro 2023	Presupostos de empresa externa		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Inicio das fomacións	Equipo Tic	Marzo 2023	Persoal, equipamento e orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Remate das fomacións	Equipo Tic	Xuño 2023	Persoal, equipamento e orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 3- FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL						
<b>OBXECTIVO 4: (1)</b>	Crear un espacio de formación para a mellora.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Tic.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de alumnado que recibe formación para a mellora					
<b>Valor de partida: (3)</b>	10 % alumnado recibe formación sobre o uso das ferramentas dixitais.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	25 % alumnado recibe formación sobre o uso das ferramentas dixitais.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Determinar as diferentes plataformas de traballo sobre as que formarse e puntos que debe conter dita formación	Equipo Directivo Equipo Tic	Decembro 2022	Plataformas de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Dotar ao centro dun Plan de formación para o alumnado	Equipo Tic	Xaneiro 2023	Plan de formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Inicio das fomacións	Equipo Tic	Marzo 2023	Docentes e alumnos. Equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.4: Remate das fomacións	Equipo Tic	Xuño 2023	Docentes e alumnos. Equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 3- FORMACIÓN E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL						
<b>OBXECTIVO 5: (1)</b>	Promover a mellora da competencia dixital docente do profesorado.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Directivo e Equipo Tic.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% de profesorado cun nivel axeitado na competencia dixital docente.					
<b>Valor de partida: (3)</b>	O 0% do profesorado conta cun nivel axeitado na competencia dixital docente.					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 25% do profesorado conta cun nivel axeitado na competencia dixital docente.			30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO5.1: Coñecer o plan de formación na Competencia Dixital Docente dado polas institucións educativas a nivel autonómico	Equipo Directivo Equipo Tic	Xaneiro 2023	Plan de formación na Competencia Dixital Docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Determinar os niveis de competencia dixital do profesorado no centro	Equipo Directivo Equipo Tic	Febreiro 2023	Formularios de avaliación da Competencia Dixital Docente		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.3: Inicio das fomacións	Equipo Tic	Marzo 2023	Persoal, equipamento e orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.4: Remate das fomacións	Equipo Tic	Xuño 2023	Persoal, equipamento e orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 4- PROCESOS DE AVALIACIÓN							
<b>OBXECTIVO 6: (1)</b>	Promover a utilización de tecnoloxías dixitais para a avaliación, autoavaliación e coevaluación, facendo este proceso máis consciente e reflexivo.					Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Tic.					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	% do profesorado utiliza as ferramentas dixitais para a avaliación, autoavaliación e coevaluación						
<b>Valor de partida: (3)</b>	O 20% do profesorado utiliza as ferramentas dixitas para o proceso de avaliación.						
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	O 75% do profesorado utiliza as ferramentas dixitas para o proceso de avaliación.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO6.1: Creación dunha carpeta de formularios de avaliación para a mellora desta.	Equipo Tic e profesorado	Febreiro 2023	Persoal, equipamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.2: Creación de avaliacións e autoavaliacións a través dos medios dixitais.	Equipo Tic e profesorado	Marzo 2023	Persoal, equipamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO6.3: Verificación de que o uso das ferramentas está sendo utilizado como medio de avaliación.	Equipo Directivo Equipo Tic	Xuño 2023	Persoal, equipamento.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	



Área/s de mellora: ÁREA 6- COLABORACIÓN, TRABALLO EN REDE E INTERACCIÓN SOCIAL						
<b>OBXECTIVO 7 : (1)</b>	Eliminar a meirande parte do papel utilizado para o envío de información do centro, substituílo, xerar e dotar ao centro cun medio dixital de información coas familias.				Acadado	
<b>Responsable:</b>	Equipo Tic.				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Porcentaxe de uso de información por medio dixital					
<b>Valor de partida: (3)</b>	0% de uso de información por medio dixital					
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	100% Uso do correo electrónico para envío de información			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO7.1: Creación dunha conta de información.	Equipo Tic	Setembro 2022	Persoal, equipamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: Verificación de que a conta está sendo utilizada como medio de información do centro.	Equipo Tic	Maio 2023	Persoal, equipamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: ÁREA 7- INFRAESTRUTURA							
OBXECTIVO 8: (1)	Optimizar e renovar os recursos informáticos do centro.				Acadado		
Responsable:	Equipo Directivo, e Equipo TIC				Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	% de recursos informáticos do centro.						
Valor de partida: (3)	30% dos recursos informáticos obsoletos.						
Valor previsto e data: (4)	100% dos recursos informáticos están actualizados.			30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)		ESTADO (10)	
AO8.1: Verificación dos recursos tecnolóxicos do centro a mellorar.	Informático	Setembro 2022	Persoal e equipamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.2: Solicitar presupostos a empresas correspondentes	Equipo Tic	Xaneiro 2023	Presupostos de empresa externa			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.3: Aprobación do presuposto dado	Equipo Directivo	Febreiro 2023	Persoal e orzamento			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO8.4: Realización dos cambios oportunos	Equipo Directivo Equipo Tic	Abril- Xuño 2023	Persoal, orzamento e empresa externa.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Axuda para completar as táboas:

**(1) Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

- a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
- b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
- c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

**(2) INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.

**(3) VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

**(4) VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

**ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

**(5) DESCRICIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

**(6) RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

**(7) DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

**(8) RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

**(9) VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

**(10) ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento.

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Con respecto as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas, destacamos as seguintes:

Dotar de novos equipos informáticos na Aula de Informática do Centro, para así acadar unha total funcionalidade da mesma evitando os continuos problemas técnicos dos equipos actuais e que requiren unha revisión e reparación continua y custosa.

Equipos para uso na sala de profesorado e departamentos; a finalidade destes recursos é optimizar os tempos de permanencia no Centro e así aproveitar ao máximo os recursos dispoñibles.

Equipos para o seu uso na biblioteca.

Renovación e substitución das pantallas dixitais interactivas por paneis interactivos dixitais.

## 4. Avaliación do plan

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción

Cada unha das accións propostas neste plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar se o obxectivo proposto foi alcanzado e se é necesario realizar variacións na formulación destas accións durante o curso para que as propostas materialícense.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe evaluativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

Para poder avaliar o plan, será necesario medir o grao de consecución dos obxectivos que nos marcamos.

Tamén será necesario comprobar a efectividade das actuacións levadas a cabo.

### 4.2 Propostas de mellora (revisión)

Para levar a cabo a avaliación e as propostas de mellora, teremos en conta os seguintes instrumentos e ferramentas:

- Os indicadores de avaliación asociados a cada un dos obxectivos e accións.
- A ferramenta de avaliación SELFIE a través da cal poderemos facer unha análise da competencia dixital do Centro. Recoméndase realizar anualmente a final de curso.
- A avaliación da Competencia Dixital Docente a través do Portfolio da Competencia Dixital Docente.

- A avaliación da Competencia Dixital do alumnado a través de SELFIE, preferiblemente a final do curso.

O plan avaliarase en función dos resultados obtidos no marco dos obxectivos e prazos previstos.

## 5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o plan, colgarase na web do centro.